

MINISTERIO DE ECONOMÍA

DISPONGO:

13172 REAL DECRETO 785/2001, do 6 de xullo, polo que se adianta a prohibición de comercialización das gasolinas con chumbo e se establecen as especificacións das gasolinas que substituirán aquelas. («BOE» 162, do 7-7-2001.)

O Real decreto 1728/1999, do 12 de novembro, polo que se fixan as especificacións dos gasóleos de automoción e das gasolinas, traspuxo parcialmente a Directiva 98/70/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro, relativa á calidade da gasolina e do gasóleo de automoción, establecendo as especificacións que deben cumprilos citados carburantes a partir do 1 de xaneiro de 2000 e a partir do 1 de xaneiro do ano 2005.

A mencionada Directiva 98/70/CE establecía, así mesmo, a prohibición de comercialización das gasolinas con chumbo, nos Estados membros, a partir do 1 de xaneiro de 2000, contemplando, non obstante, a posibilidade dunha prórroga para a aplicación da devandita prohibición, con solicitude previa á Comisión Europea, no caso de que se demostrase que tal prohibición implicaría graves dificultades socioeconómicas ou que, globalmente, non tería consecuencias benéficas para o medio ou para a saúde.

Como consecuencia da solicitude de prórroga para a comercialización de gasolina con chumbo presentada polo Goberno español, a Comisión Europea adoptou con data 20 de decembro de 1999 a decisión de autorizarlo Reino de España para permiti-la venda de gasolina con chumbo no seu territorio ata o 31 de decembro de 2001.

O Real decreto 403/2000, do 24 de marzo, polo que se prohibiu a comercialización de gasolinas con chumbo en todo o territorio nacional, a partir do 1 de xaneiro de 2002, completou, deste modo, a transposición da Directiva 98/70/CE, tendo en conta a mencionada decisión da Comisión Europea.

Tendo en conta que o parque estimado de vehículos que só poidan utilizar gasolina con chumbo a 31 de decembro de 2001, pode supor ata un 20 por 100 do parque de vehículos de gasolina, xurdiu a necesidade de buscar una gasolina adecuada para ser utilizada por estes vehículos, e que son na súa maioría vehículos fabricados antes do ano 1990.

A composición das denominadas gasolinas de substitución debe facilita-lo funcionamento dos vehículos antes citados, por un lado no que se refire á resistencia ó picado —mediante unha adecuado octanaxe— e por outro, á protección contra o desgaste das válvulas do motor.

O Goberno español, consciente da importancia de preservar-lo ambiente, adianta a data de prohibición de comercialización de gasolinas con chumbo, fixada, mediante o Real decreto 403/2000, do 24 de marzo, para o día 1 de xaneiro de 2002, ó día 1 de agosto de 2001.

De acordo coa disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido ó informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2001,

Artigo 1. *Prohibición de comercialización das gasolinas con chumbo.*

Prohíbese a comercialización de gasolinas con chumbo en todo o territorio nacional a partir do 1 de agosto de 2001.

Artigo 2. *Definición e especificacións.*

Para efectos do establecemento de especificacións, denomínanse gasolinas de substitución as constituídas por una mestura de hidrocarburos de orixe mineral e de compostos osixenados orgánicos, destinados á alimentación de motores térmicos de encendido, coas características adecuadas para seren utilizadas nos vehículos máis antigos que ata agora viñeron utilizando gasolina con chumbo.

As gasolinas de substitución autorizadas deberán cumprir-las especificacións vixentes para as gasolinas sen chumbo, de acordo cos métodos de ensaio correspondentes, establecidos ambos nos anexos I e III do Real decreto 1728/1999, do 12 de novembro, a excepción do «Índice de Octano Research» (RON), que debe ser igual ou superior a 97 e da cor, que debe ser amarela.

Artigo 3. *Aditivos.*

As gasolinas de substitución, para poderen ser comercializadas, deberán conter un aditivo específico que mellore as características antirrecesión das válvulas do motor e que permita obter un carburante que cumpra as especificacións establecidas e admitidas na regulamentación dos outros estados membros da Unión Europea, cun nivel de calidade equivalente para as mesmas condicións climáticas.

No caso de utilización dun aditivo a base de potasio, o contido en potasio debe ser superior ou igual a 8 mg/kg e inferior a 20 mg/kg.

Artigo 4. *Excepción para uso en vehículos antigos de tipo especial.*

Exceptúase do disposto no artigo 1 a comercialización de gasolinas con chumbo ata un máximo de 0,5 por 100 das vendas totais de gasolinas no mercado nacional, para uso de vehículos antigos de tipo especial e a distribución das cales se levará a cabo a través de grupos de interese especial, debendo cumprir estas gasolinas con chumbo, en todo caso, as especificacións vixentes.

Disposición adicional primeira. *Tratamento fiscal.*

A partir do 1 de agosto de 2001, as gasolinas con chumbo en poder de almacenistas e retallistas terán o mesmo tratamento fiscal cós produtos a que se refire o artigo 52.d) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, cando sexan devoltas a unha fábrica ou depósito fiscal.

Disposición adicional segunda. *Información sobre subministración e prezos.*

A partir do 1 de agosto de 2001, tódalas instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos a vehículos que, de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, desenvolto

por Orde do 3 de agosto de 2000, viñan remitindo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas información sobre prezos da gasolina con chumbo de 97 I.O., deberán seguir enviando a mesma información, relativa á nova gasolina de substitución.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 403/2000, do 24 de marzo, polo que se prohíbe a comercialización de gasolinas con chumbo.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Economía para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATÓ Y FIGAREDO

XEFATURA DO ESTADO

13265 *LEI 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade. («BOE» 164, do 10-7-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política de emprego desenvólta na última lexislatura veu marcada fundamentalmente polas reformas do Estatuto dos traballadores producidas pola Lei 63/1997, de medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo e o fomento da contratación indefinida, derivada do Acordo interconfederal para a estabilidade do emprego suscrito polos interlocutores sociais, e polo Real decreto lei 15/1998, de medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo en relación co traballo a tempo parcial e o fomento da súa estabilidade, que reflicte o acordo concluído entre o Goberno e as organizacións sindicais máis representativas.

A Lei 63/1997, ademais de dar nova regulación ós contratos formativos e de modificar diversos aspectos da contratación temporal, introduciu un novo contrato para o fomento da contratación indefinida, dirixido a determinados colectivos con especiais dificultades para o acceso ó mercado de traballo, caracterizado pola previsión dunha indemnización, en caso de extinción, infe-

rior á de carácter xeral, e cun período inicial de aplicación de catro anos, estando prevista a súa eventual continuidade alén do devandito período. Pola súa parte, o Real decreto lei 15/1998 deulle unha nova regulación ó contrato a tempo parcial establecendo tanto elementos de maior garantía e protección social para os traballadores, coma outros de maior flexibilidade no seu réxime xurídico, por exemplo coa creación das horas complementarias.

O tempo transcorrido desde estas reformas puxo de relevo uns efectos globalmente positivos derivados delas, traducidos no incremento do número de contratos indefinidos e a tempo parcial, e puxo tamén de relevo problemas prácticos ou disfuncións en determinadas materias, como o traballo a tempo parcial, dos que se derivou probablemente que non se alcanzasen plenamente tódalas posibilidades de desenvolvemento da contratación que poderían terse esperado.

Tanto pola necesidade de decidir acerca da continuidade do contrato do fomento do emprego, como pola procedencia de corrixi-las disfuncións observadas, púxose de relevo a necesidade de formular unha nova regulación destas cuestións, que teñen unha importancia para o equilibrio da política de emprego que parece innecesario salientar. Ademais, con carácter máis xeral, a evolución positiva do emprego nestes últimos anos amosou tamén a necesidade de formular novas reformas que sigan favorecendo esta evolución e que se orienten, particularmente, a reduci-las aínda excesivas taxas de temporalidade existentes.

Neste sentido, este conxunto de novas reformas mantén a súa orientación cara ó fomento dun emprego máis estable e de maior calidade, tanto utilizando, coas mellores ou correccións necesarias, as fórmulas contractuais xa experimentadas nos últimos anos, como o contrato de traballo a tempo parcial ou o de fomento da contratación indefinida, como introducindo novas regulacións nos moi diversos aspectos da contratación laboral e do desenvolvemento das relacións laborais que poidan incidir positivamente no crecemento do emprego e a mellora da súa calidade.

Desta maneira, introdúcense diversas modificacións no Estatuto dos traballadores referidas, en primeiro lugar, á forma, duración e modalidades do contrato de traballo. De entre elas, cabe destaca-las dirixidas a reforza-lo principio de estabilidade no emprego, introducindo limitacións e garantías adicionais nos contratos temporais e de duración determinada. Do mesmo modo, introdúcense modificacións no réxime xurídico do contrato a tempo parcial, con obxecto de lograr un maior impulso e dinamismo desta modalidade contractual, do que o relevante papel no crecemento do emprego estable e na adaptación ás necesidades de empresas e traballadores foi posto de manifesto por tódolos protagonistas das relacións laborais no contexto da Unión Europea, e no do contrato de relevo, co fin de adecualo ás modificacións introducidas pola propia lei no contrato a tempo parcial e de favorece-la súa maior utilización. Por outra parte, a ampliación dos colectivos que poden beneficiarse dos contratos formativos, e a concreción e formalización, a través dun novo contrato temporal de inserción, dos programas de contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, constitúen medidas dirixidas a instrumentar dunha forma máis adecuada as políticas activas de emprego.

Otras modificacións diríxense a reforza-las garantías nos supostos de subcontratación e de sucesión de empresa; en particular, a través dunha mellora dos instrumentos de información e consulta dos traballadores e os seus representantes, que permita dotar estas situacións laborais da debida transparencia e seguridade xurídica.